



### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Galego**" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:[www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Segundo o dicionario da Real Academia Galega, o organismo vivente pertencente a un reino distinto ao animal e ao vexetal, que se caracteriza por vivir de forma parasita ou sobre materias orgánicas en descomposición, por non ter clorofila e por se reproducir por esporas, denomínase:

- A) Fungo.
- B) Fongo.
- C) Hongo.
- D) Hungo.

2. Indique a parella INCORRECTA:

- A) Ferrolán–Ferrolana.
- B) Irmán– Irmá.
- C) Can–cadela.
- D) Artesán–artesa.

3. Indique a frase gramaticalmente correcta:

- A) Ten que facer un análise de ourina.
- B) Ten que facer un análisis de urina.
- C) Ten que facer unha análise de urina.
- D) Ten que facer unha análisis de ourina.

4. Cal das seguintes palabras é de xénero masculino?

- A) Paisaxe.
- B) Labor.
- C) Orixe.
- D) Árbore.

5. Indique a forma INCORRECTA para referirse a un dos meses do ano:

- A) Febreiro.
- B) Setembro.
- C) Xuño.
- D) Outubro.

6. Cal das seguintes palabras NON se refire a unha parte do corpo humano?

- A) Treboada.
- B) Pelve.
- C) Ventre.
- D) Caluga.

7. Escolla a opción que se corresponde coa definición da Real Academia Galega: "molécula ou organismo que actúa como antíxeno, utilizado para producir inmunización preventiva."

- A) Vacifa.
- B) Variola.
- C) Vacina.
- D) Vacuna.

8. Indique a serie correcta:

- A) Conduta-Respecto-Estrutura.
- B) Conducta- Respecto-Estructura.
- C) Conduta-Respeto-Estructura.
- D) Conducta-Respecto-Estrutura.

9. Escolla a palabra correcta en galego:

- A) Ciruxián.
- B) Radiografiar.
- C) Xaxún.
- D) Enfermedade.

10. Sinale a opción INCORRECTA:

- A) Vén (terceira persoa singular do presente de indicativo do verbo vir).
- B) Té (infusión).
- C) Póla (rama).
- D) Bola (obxecto en forma de esfera).

Preguntas de reserva

1. Escolla a forma correcta en galego:

- A) Toser.
- B) Tusir.
- C) Tuser.
- D) Tosir.

2. A parte líquida que queda despois de coagular o sangue ou a linfa, denomínase:

- A) Soro.
- B) Xofre.
- C) Fluxo.
- D) Floxe.